

• Cuestionario para o profesorado

CUESTIONARIO DE AUTOAVALIACIÓN DA DOCENCIA (AD)

Baseándose nas súas experiencias como docente, por favor pense nas clases desta materia (ou grupo) e indíquenos ata que punto considera que o desenvolvemento desas clases ten a característica descrita en cada sentenza. Neste caso, o número 1 significa que vostede está completamente en desacordo con que o desenvolvemento das clases desta materia (ou grupo) ten esa característica, e o número 7 significa que está completamente de acordo. Se a súa opinión non está claramente definida, marque os números intermedios que mellor representen o seu sentir ao respecto. Non hai respostas correctas ou incorrectas, soamente interesa que nos indique o número que mellor reflicte a percepción que ten das clases.

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

1. Síntome motivado/a para impartir esta materia
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
2. Xeralmente estou satisfeito/a co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
3. No meu Centro conto cos recursos técnicos que preciso para impartir a docencia desta materia
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
4. Globalmente, o alumnado que asiste ás clases amosa unha actitude de interese cara á materia que imparto
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
5. Xeralmente estou satisfeito/a coa relación creada cos/as estudantes na aula
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
6. O alumnado é participativo
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
7. Considero que os/as estudantes responden positivamente ao meu traballo na aula
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
8. A asistencia do alumnado ás clases desta materia é, xeralmente, alta
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
9. Globalmente, o nivel co que chega o alumnado (coñecementos, habilidades, ...) é suficiente para empezar esta materia
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
10. Polo xeral, os/as estudantes asisten ás titorías ou fan consultas fóra das aulas
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
11. Configuro as titorías como parte importante da docencia na materia
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
12. Cara á mellora da miña docencia nesta materia, considero interesantes os programas de formación e apoio á docencia que está ofertando a Universidade
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
13. Globalmente estou satisfeito/a co alumnado desta materia
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
14. Globalmente estou satisfeito/a coa organización da docencia realizada polo Centro
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC
15. Globalmente estou satisfeito/a coa docencia desta materia
 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC